



8ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 23 de marzo de 2021

Lugar: a través de videoconferencia

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 13:00 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vicepresidente
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
8. M^a José García Sexto, en representación da AMTEGA, vogal
9. Margarita de la Calle Amaro, analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vogal
10. Esther López Vizcaíno, en representación do IGE, vogal suplente
11. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal
12. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, en representación do Consello Galego de Universidades, vogal
13. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Xustiza, vogal

Xustifican a ausencia

1. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea, vogal
2. Susana Díaz García, técnica de arquivos do Concello de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
3. M^a Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura, vogal





ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais

Universidades Galegas

- U006: Expedientes de programas de mobilidade internacional de estudantes
- U007: Expedientes de concursos públicos para a provisión de prazas dos corpos docentes universitarios
- U008: Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario
- U009: Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo
- U010: Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas

Administración autonómica

Arquivo de Galicia

- AA768: Partes de incendios forestais (Arquivo de Galicia)

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación:

- A5129 Expedientes de reclamacións en materia de consumo
- AA5234 Expedientes de arbitraje en materia de consumo
- AA5232 Expedientes sancionadores en materia de consumo

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

Concello de Ferrol

- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód.AL594).
Táboa T023. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1967-1998
Volume a eliminar: 78 u.i. (50 libros e 28 caixas)
- Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos (Cód. AL595).
Táboa T025. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1959-1998
Volume a eliminar: 212 u.i (208 libros e 4 caixas)

Concello de Vigo

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (Cód. AL548)
Táboa T007. DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 2018
Datas extremas: 1937-1956, 1978-2005
Volume a eliminar: 2.298 atados





Consellería de Cultura, Educación e Universidade

- Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada. (Cód. AA5110)
Táboa T046 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021
Datas extremas: 1990-1995
Volume a eliminar: 748 u.i.

Consellería de Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)
Táboa T043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020
Datas extremas: 1998-2017
Volume a eliminar: 1.052 u.i.

Axencia Tributaria de Galicia

- Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte (Cód. AA635)
Táboa T017 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019
Datas extremas: 2004-2009
Volume a eliminar: 1.129 u.i.

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

En relación coa acta da sesión anterior, Gabriel Quiroga comenta que o Estudo presentado da serie da RISGA figura coa denominación antiga, “Expedientes de concesión da renda de integración social” e que na acta se debería recoller a denominación actual: “Expedientes de concesión da renda de inclusión social”. Apróbase a acta da sesión anterior coa indicación de modificar a denominación da serie e recoller o título actualizado.

2. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais

O presidente pasa a palabra a José Luis Mínguez, que comenta as series presentadas polas Universidades galegas:

- “Expedientes de programas de mobilidade internacional de estudantes”
- “Expedientes de concursos públicos para a provisión de prazas dos corpos docentes universitarios”
- “Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario”
- “Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo”
- “Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas”





En relación coa serie “Expedientes de programas de mobilidade internacional de estudantes” (Cod. U006) de-
tectouse un erro no estudo, concretamente na páxina 26, na xustificación da selección da serie documental,
onde se citan os documentos que se poden eliminar e entre eles figuran os “certificados de chegada e de fin
de estancia”. Estes documentos son de conservación permanente, polo que remitirán o estudo corrixido.

Apróbanse as propostas.

A continuación, Mar García comenta os estudos presentados pola Administración autonómica:

- AA768: Partes de incendios forestais
- AA5129 Expedientes de reclamacións en materia de consumo
- AA5234 Expedientes de arbitraje en materia de consumo
- AA5232 Expedientes sancionadores en materia de consumo

Apróbanse todas as propostas

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

A continuación Anxo Lorenzo pasa a informar sobre as solicitudes de eliminación de documentos recibidas:

Concello de Ferrol

- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód.AL594).
Táboa T023. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1967-1998
Volume a eliminar: 78 u.i. (50 libros e 28 caixas)
- Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos (Cód. AL595).
Táboa T025. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1959-1998
Volume a eliminar: 212 u.i (208 libros e 4 caixas)

Concello de Vigo

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (Cód. AL548)
Táboa T007. DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 2018
Datas extremas: 1937-1956, 1978-2005
Volume a eliminar: 2.298 atados

En relación a esta proposta, José Luis Mínguez mostra a súa disconformidade coa eliminación dos documentos
dende o ano 1937.

Alfonso Cascudo di que debería autorizarse dende o ano 1938 en adiante, que é o que se recolle na Táboa de
avaliación publicada no DOG.

Anxo Lorenzo comenta que na Táboa aprobada recóllese a data de 1938.

Apróbase a eliminación dende o ano 1938. O concello terá que modificar o volume a eliminar.





Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Os Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Cód. AA5110) retíranse da orde do día debido á discordancia de datas coa Táboa de avaliación aprobada. A proposta de eliminación queda pendente de revisión.

Consellería de Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)
Táboa T043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020
Datas extremas: 1998-2017
Volume a eliminar: 1.052 u.i.

Axencia Tributaria de Galicia

- Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte (Cód. AA635)
Táboa T017 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019
Datas extremas: 2004-2009
Volume a eliminar: 1.129 u.i.

4. Rolda de intervencións

O presidente quere agradecer e recoñecer ás persoas implicadas no Grupo de Traballo creado para a valoración de series da Administración local e Administración autonómica o traballo realizado en varias direccións:

A revisión do formulario para adaptalo, darlle forma a información e recoller a información máis completa dos Estudos.

A Guía: documento técnico con carácter práctico que facilita a elaboración dos estudos con criterios técnicos e que será moi útil para unificar os estudos de todas as administracións.

O estudo de series transversais: persoal, contratación...poñer o foco nestas series comúns as administracións para facilitar o traballo de avaliación.

Ademáis na Subdirección Xeral de Arquivos e Museos estase a preparar a Guía de xestión documental para os arquivos de xestión, para o tratamento dos documentos nas unidades administrativas, especialmente onde non hai persoal arquivista de apoio. É unha guía moi básica que se presentará no primeiro semestre de 2021.

José Luis Mínguez propón que se envíe o borrador do formulario e da guía aos grupos de traballo antes da redacción final.

M^a del Carmen Calviño comenta que é un documento vivo, susceptible de modificacións e actualizacións.

José Luis pregunta polo carácter que terán as series transversais. Si se trata dun marco para facer series parellas.

Carmen Calviño contesta que na práctica vemos que hai series vinculadas a procedementos en todas as consellerías e que poden estar presentes en todas as administracións. Xa temos algunhas identificadas nas áreas de xestión: persoal, contratación, reclamacións...non hai grandes diferencias entre departamentos e administracións.





Alfonso Cascudo lembra que a serie documental dos “Expedientes de gasto” están pendentes da elaboración dunha norma. Jesús Oitavén contesta que de momento non foi posible.

Alfonso Cascudo lembra que habería que recuperar os rexistros informáticos anteriores aos anos 90 para as axudas de Medio Rural. M^a José Sexto responde que se dou traslado a AMTEGA, pero hai moitas dificultades para recuperalas.

ACORDOS

1. Apróbase a acta da sesión anterior

2. Apróbanse as propostas de avaliación das seguintes series documentais:

- U006: Expedientes de programas de mobilidade internacional de estudantes
- U007: Expedientes de concursos públicos para a provisión de prazas dos corpos docentes universitarios
- U008: Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario
- U009: Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo
- U010: Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas
- AA768: Partes de incendios forestais (Arquivo de Galicia)
- A5129 Expedientes de reclamacións en materia de consumo
- AA5234 Expedientes de arbitraje en materia de consumo
- AA5232 Expedientes sancionadores en materia de consumo

3. Apróbanse as solicitudes de eliminación de documentos:

Concello de Ferrol

- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód.AL594).
Táboa T023. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1967-1998
Volume a eliminar: 78 u.i. (50 libros e 28 caixas)
- Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos (Cód. AL595).
Táboa T025. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1959-1998
Volume a eliminar: 212 u.i (208 libros e 4 caixas)

Concello de Vigo

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (Cód. AL548)
Táboa T007. DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 2018
Apróbase a eliminación dende o ano 1938: Datas extremas: 1938-1956, 1978-2005
Revisarase o volume a eliminar





Consellería de Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)
Táboa T043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020
Datas extremas: 1998-2017
Volume a eliminar: 1.052 u.i.

Axencia Tributaria de Galicia

- Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte (Cód. AA635)
Táboa T017 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019
Datas extremas: 2004-2009
Volume a eliminar: 1.129 u.i.

4. Acórdase remitir o borrador do formulario e da Guía ao Grupo de Traballo de Universidades

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13:00 horas

Santiago de Compostela,
A secretaria
M^a Josefa Piñón López

Vº e praxe
O presidente
Anxo M. Lorenzo Suárez

